

**Gabanza de Teresa Rabal**  
**Discurso «Lenda do Recreo» Hematofesti**  
**Vigo 08/11/2025 Texto lido por Manuel Bragado**

Boa tarde. Antes de comezar as miñas palabras de gabanza de Teresa Rabal, escoitaremos un anaco dunha canción que quizais algúns lembredes:

Imos aprender cantando  
coa luz do sol xogando  
imos aprender cantando  
todo é máis fermoso cunha canción

Este colexio cor tristeza  
hai que mudalo dos pés á cabeza  
de vermello e branco as mesas  
e a pizarra de azul mariño

Imos aprender cantando  
coa luz do sol xogando  
imos aprender cantando  
todo é máis fermoso cunha canción

Porei mil flores en cada mesa  
e coas xanelas moi abertas  
este colexio cor tristeza  
vou vestilo cunha canción.

Imos aprender cantando  
coa luz do sol xogando  
imos aprender cantando  
todo é máis fermoso cunha canción.

Trátase naturalmente dunha canción de Eduardo Rodrigo, folclorista e compositor de orixe arxentina, autor dun catálogo de máis de mil cincocentos temas musicais, interpretada por Teresa Rabal, a súa compañeira de vida durante máis de catro décadas.

Canción incluída na película *Loca por el circo* de Luis María Delgado, estreada o 30 de agosto de 1982, filmada no

concello de Nigrán, no pazo de Cadaval, Baiona e no castro de Santa Tegra na Garda, na paisaxe, probablemente, máis fermosa do sur de Galicia.

Unha historia concibida para levar aos cines á rapazada, as persoas que hoxe teñen arredor de cincuenta anos, e gozar coas cancións de Teresa Rabal, entón unha das presentadoras máis populares daquela primeira cadea de Televisión Española.

Filla de Paco Rabal, actor inesquecible que no mesmo ano 82 fixera de Ricardo Sorbera, un daqueles poetas sen cartos de *La Colmena* de Mario Camus, e de Asunción Balaguer, tamén actriz, participante no reparto de *Loca por el circo*, que compartiu coa súa filla función teatral *Soy Gigi*, que deu pé a gravación do primeiro single de Teresa, daqueles vinilos de 45 revolucións en 1973.

Teresa Rabal fora unha das catro presentadoras do programa de fin de ano de 1977, dirixido por Valerio Lazarov, no seu caso recibindo ao novo ano dende a praza vermella de Moscova, unha das tantas proezas que se fixeron na televisión pública daqueles anos difíciles da Transición, tamén cheos de entusiasmo. Como protagonista da serie *Los libros*, das primeiras filmadas a cor, de grande calidade, que adaptaba obras literarias.

*Loca por el circo*, o film que hoxe lembramos, xiraba arredor do enredo de familia protagonizado por dúas xemelgas, Teresa, unha moza namorada do circo, da súa maxia e a súa fantasía, e Paulina, mestra formal e responsable, das que se pensa nunca romperon un prato, desprazada a unha escola unitaria de Galicia, namorada en secreto dun mestre chalado e dirixida por un director tan patético como reaccionario.

Película na que podemos gozar de imaxes espectaculares da praia de Lourido, da foz do Miñor ou dun circo instalado na Palma, debaixo do Parador de Baiona. Filme que expresaba as intencións creativas, tamén formativas, do proxecto artístico que Teresa Rabal e o seu compañeiro

Eduardo Rodrigo iniciaran en 1978, un ano despois do seu casamento: a da refundación ou mellor, a da reinvención da canción popular dirixida á infancia cos valores e conquistas democráticos e as achegas da nova psicopedagogía. E fixérono convertendo as súas cancións e xogos e os xogos en cancións para compartir, cantar e bailar xuntos.

Teresa sabía que o xogo é sempre un lugar seguro, no xogo somos felices porque se suspende o tempo, as regras e os requirimentos que rexen a vida normal. Desde que o psicólogo suízo Jean Piaget afirmara que o xogo pertencía a intelixencia das crianzas, desenvolveuse unha revolución educativa que recuperou o valor do xogo popular, un dos piares do proxecto artístico e educativo de Teresa Rabal que hoxe celebramos.

Sen esquecer o acervo inesgotable do folclore infantil conservado nos patios do recreo, en horas infinitas de xogo de goma, de corda, das apandas ou da mariola. O que en galego chamamos lengalengas, tríades e cantareas, hoxe case extinguidos nos patios de recreo.

Secasí, certo é que existían dende 1973, o precedente dos Pallasos da Tele da familia Aragón e o seu "*¿como están ustedes?*" e as súas cancións elementais de "Susanita tiene un ratón" e "Hola don Pepito".

Teresa, co apoio do seu compañeiro, entendeu que podía protagonizar unha tarefa educativa e cultural de grande importancia: a de propoñer un novo entretemento musical infantil de calidade para a televisión (entón dúas cadeas), o cine e o circo como principais soportes.

Soubo acompañar á sociedade nun momento de cambio, como o que vivía a propia televisión, na que tamén comezaron a reinventarse os espazos infantís de tarde coa emisión dunha versión española de *Barrio Sésamo*, coa presenza de Epi e Blas, Espinete e a Galiña Caponta, ou dos primeiros programas de animación gráfica e humana, en espazos como, *Sabadabada* ou *Mazapán* que en directo

presentaría Teresa Rabal, coa presenza do popular Torrebruno, showman italiano que presentara en 1965 aos The Beatles en Madrid. Ou de programas máis literarios como *Un globo, dos globos, tres globos*, *La cometa blanca* e *La bola de cristal*, dirixidos pola inesquecible Lolo Rico, onde tamén participou Teresa como presentadora ou participante musical.

E abofé que Teresa Rabal e Eduardo Rodrigo entenderon a transcendencia do proxecto e construíron un catálogo musical de cifras extraordinarias: gravaron 24 elepés, máis de duascenas cancións, que acadaron unha difusión extraordinaria na que foron varios os millóns de vinilos, casetes e cedés vendidos.

E o máis importante chegaron ao corazón de millóns de nenos e nenas de varias xeracións que identificaron as súas cancións coa súa propia vida. Estes días coñecín testemuñas de autoras da nosa lix que conservan asinados os primeiros discos de Teresa, cando xiraba por Galicia, terra onde sempre foi recibida con agarimo.

Cancións icónicas que aparecen xa na película *Loca por el circo* do 82, que dende entón quedaron gravadas na nosa memoria formando parte da nosa identidade máis íntima. Velaí o «Veo veo», a canción-xogo por excelencia, na que Rodrigo ampliaba con moito humor o xogo popular, canción, como nos contou Teresa incorporada a última hora para completar as doce do segundo elepé presentado en 1980.

Idéntica estratexia foi a de «Me pongo de pie» ou «En una pompa de jabón», presentes tamén na película na que participaron unha vintena de alumnos e alumnas do Colexio Público Vilameán de Nigrán, sendo posible que hoxe nos acompañe neste serán musical.

E poderíamos seguir citando outras cancións posteriores, «De oca a oca», «La canción de los sonidos», «Palmitas con palmitas», «Amor y paz», «Mi muñeca Rebeca» e tantas máis, concibidas sempre para cantar, bailar, xogar,

memorizar, interpretar por nenos e nenas de case todas as idades.

Éxito rotundo de todas estas cancións que reside na súa variedade rítmica, empatía e capacidade de conectar co ámbito emocional presente na actividade lúdica, indispensable para o desenvolvemento equilibrado e para o benestar emocional.

Sen esquecer, os contos que Teresa Rabal gravou en 1981 con Movieplay, anticipándose ao xénero dos audiocontos, algúns merecedores de ser recuperados no actual formato de audiolibros.

Teresa foi auténtica pioneira da actual educación emocional. Dende o seu primeiro elepé, *Una cigarra llamada Teresa*, publicado por Belter en 1978, ofreceu cancións que son concentrados de ledicia e do mellor enxeño verbal.

Velaí unha das miñas cancións preferidas, «La gallina esdrújula», un fermoso conto de amor non correspondido, entre un galo trobeiro e unha coqueta galiña, escrito con retranca, toda con palabras esdrúxulas consultadas no dicionario, o que constitúe un fermoso xogo literario de espírito rodariano.

Cancións que son historias divertidas, unhas, como as de «Mi perro Napoleón», «El tren» ou «Paco Paperas», cheas de tenrura outras, como «Lobo, lobito», que se adiantou ao lobo riquiño e emocionado do noso admirado Hematocrítico. Cancións moi literarias, sorprendentes homenaxes á poesía como «Abecedario», temazo pacifista de exaltación dos poetas que como Lorca, Alberti e Machado, defenden a verdade cos seus versos, fabricantes dos mísiles da paz. Cancións comprometidas coa inclusión e coa amizade como «Que no me importa saber quien es», un dos seus himnos recentes.

As cancións de Teresa continúan emocionando e conectando co público actual. Abonda consultar Spotify,

onde «Veo veo» ten case catro millóns de escoitas, a pesar de que hoxe algúns dos seus textos, tinguidos de sexismo, foron por ventura superados polas conquistas das mulleres, causa á que Teresa Rabal sempre contribuíu.

Nacida nun berce de cómicos, aos nove anos debutou en *Viridiana* de Luis Buñuel, nun reparto onde figuraba o seu pai e Fernando Rey, no papel de Rita, aquela nena de ollos negros tan grandes, á que lembramos subida a unha árbore e de quen Buñuel aventurou chegaría moi lonxe.

Xaora, xa aos catorce, protagonizou *Los desafíos* de Claudio Guerín, película coa que comezou a súa carreira cinematográfica dunha vintena de películas, nas que foi dirixida por Mario Camus ou Fernando Fernán Gómez, até a recente *Tin & Tina*, película de terror estreada hai ano e pico.

Cantante e bailarina, Teresa é sobre todo actriz, porque dende nova mamou o teatro, que coa compañía de Carlos Larrañaga e María Luisa Merlo xirou por toda España coa función *Vidas privadas* de Noël Coward. Como fixo moito teatro en Televisión Española, naqueles Estudio 1 e Novela onde interpretou pezas clásicas como *Antígona*, *La Celestina* ou *La fierecilla domada*.

Na década de 1990, coa apertura das canles privadas, presentou durante cinco anos *La Guardería* e *Se busca una estrella*, espazos infantís de Antena 3, e *La casa de la guasa* e *Muévete*, para público adolescente, en Telecinco.

Despois dedicou unha década ao circo familiar percorrendo toda a península, cun espectáculo alternativo, con animais de peluxe, acróbatas e pallasos, levando unha vida nómade que a forxou coma a muller loitadora que é, hoxe avoa sabia e agarimosa, como artista multifacética e empresaria, creadora da primeira escola nun circo, o que permitiu que viaxaran con ela os seus fillos.

Responsable dunha fundación destinada a incentivar a cultura na infancia, hai trinta anos promoveu o Premio Veo

Veó, o primeiro concurso de Gold talent en España, que viaxou por todas as comunidades autónomas, e que parou en Vigo do 23 ao 25 de xuño de 2005 no cine Fraga.

Tras o pasamento do seu compañeiro Eduardo en 2017, Teresa recuperou o seu traballo como actriz, participando no elenco de varias series: *Derecho a soñar* e *Mira lo que has hecho*, comedia gamberra protagonizada por Berto Romero, amigo deste Hematofesti.

Ao longo de cinco décadas de traxectoria artística, recibiu numerosos premios: o Margarita Xirgu de teatro, o Premio Nacional de Cine do Festival de Donostia, o Aro de Oro ao seu labor infantil, a Medalla de Ouro do Circo, o Premio Unicef, ademais de posuír tres discos de ouro e un de platino.

Admirada e respectada pola súa profesión, polos medios e os públicos, Teresa Rabal é referente para os días felices de nenos e nenas de onte, de hoxe e de mañá. Abriu o catálogo da canción infantil a medida que se desenvolvía o da literatura infantil e xuvenil.

Agasalounos con toneladas de felicidade, un exercicio de talento e xenerosidade dunha pioneira, tamén unha heroína da causa da infancia, que Hematofesti recoñece como lenda do recreo, quedando unida a traxectoria de Hematocrítico, que sabemos a admiraba, como testemuña no seu álbum *A media hora dos heroes*.

Remato. Doadora de felicidade, pioneira da música infantil, amante da imaxinación, fabricante de maxia, muller rebelde, condutora da fantasía do circo, da maxia e da ilusión, actriz de pés á cabeza, cantante de enerxía contaxiosa, Teresa Rabal merece todas as nosas beizóns e ser nomeada **riquíña entre as riquíñas**.

Para rematar, non se me ocorre mellor aplauso que cantar con ela o seu «Veó veó» e «Me pongo de pie»

Vigo, 8 de novembro de 2025